




Identificación das principais zonas de posta da pescada europea no Atlántico ibérico

Cristina García-Fernández

Bióloga mariña especializada en ecoloxía pesqueira con formación internacional e doutoramento pola Universidade de Vigo. Experta en modelización ecolóxica, análise espazo-temporal e dinámica poboacional de especies explotadas.

Jaime Otero Villar

Investigador Científico do Centro Oceanográfico da Coruña (IEO-CSIC). Doutor en Bioloxía pola Universidade de Vigo con ampla experiencia no estudo da dinámica espacial e temporal de organismos mariños, especialmente de especies explotadas.

Maria Grazia Pennino

Investigadora Científica no Instituto de Ciencias do Mar (Barcelona), bióloga mariña con doutoramento en Estatística e Optimización pola Universidade de Valencia. O seu traballo céntrase no desenvolvemento e aplicación de modelos estatísticos avanzados para estudar a distribución de especies, as dinámicas poboacionais e os impactos ambientais, con especial énfase en enfoques baseados en datos e ciencia aberta.

Maria de la Paz Sampedro Pastor

Científica Titular do Centro Oceanográfico da Coruña (IEO-CSIC). Doutora en Bioloxía. Con 20 anos de experiencia no estudo de pesqueiras artesanais e industriais e na avaliación de stocks pesqueiros.



Imaxe 1. Pescada europea (*Merluccius merluccius*) capturada con anzóis.

O Centro Oceanográfico da Coruña (IEO-CSIC) e o Instituto de Ciencias do Mar (ICM-CSIC) lograron identificar e caracterizar as principais zonas de desova da pescada europea (*Merluccius merluccius*) en augas españolas do Atlántico norte. A identificación de áreas de desova persistentes e o coñecemento da súa vulnerabilidade durante os picos reprodutivos é esencial para establecer medidas de xestión espazo-temporais, como vedas en zonas e épocas críticas, para protexer os reprodutores e asegurar a sustentabilidade do stock.

A investigación, publicada na revista *ICES Journal of Marine Science*, baséase nun enfoque indirecto e novidoso que utiliza rexistros de venda de ovas de pescada, un produto de alto valor no mercado español, como indicador da presenza de femias en fase de desova. Estes datos, combinados con información xeolocalizada dos buques pesqueiros (Vessel Monitoring System) e variables ambientais procedentes de modelos oceanográficos de reanálise que integran observacións satelitais e datos in situ —como a temperatura do fondo mariño e a concentración de clorofila—, permitiron reconstruír con gran detalle os patróns de posta entre 2009 e 2022. Ao aproveitar datos dependentes da pesca, este método ofrece unha cobertura espazo-temporal máis precisa que as mostraxes científicas, sendo un complemento moi útil para mellorar a xestión da pesqueira da pescada.

Onde e cando desova a pescada europea?

En canto ás zonas de desova, o estudo identifica como área principal a plataforma continental fronte á costa norte de Galicia. Detectáronse tamén zonas secundarias preto do cabo Fisterra e fronte á baía de Santander, así como unha clara expansión cara ao mar Cantábrico, especialmente a partir de 2015.

“A actividade de desova concéntrase principalmente entre 100 e 200 metros de profundidade, aínda que se observa unha tendencia significativa a que os barcos pesquen —e, polo tanto, as femias desoven— a maior profundidade nos últimos anos”, destaca Cristina García-Fernández, investigadora do IEO-CSIC.

Aínda que a desova ocorre durante todo o ano, os datos analizados indican un pico máximo de actividade entre decembro e marzo, e con temperaturas do fondo mariño entre 10°C e 12.5°C. Ademais, a desova aumenta significativamente cando a concentración de clorofila-a (indicador de produtividade primaria) supera os 2 mg m⁻³.

O estudo foi financiado polo Programa de Ciencias Mariñas de Galicia, incluído nos Plans Complementarios de Ciencias Mariñas do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (PRTR-C17.I1), con fondos da Xunta de Galicia, NextGenerationEU e o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura.

Podes ler o estudo completo [aquí](#).